

Domingo García-Sabell

TEMPO DE LECER



Ensaio

galaxia

TEMPO DE LECER

1ª edición, 1998
1ª edición dixital, 2009

© Herdeiros de Domingo García-Sabell, 2009

© EDITORIAL GALAXIA, S. A. 2009
Avenida de Madrid, 44, baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-998-6

Domingo García-Sabell

TEMPO DE LECER



A NOVA CAMIÑATA

14 de abril de 1996

Ó encetar unha nova serie de pequenos artigos, teño a sensación de que o comezo e un verdadeiro comezo, esto é, unha estrea. Miro para atrás e vexo no meu labor algo así como unha paisaxe vizosa, multicolor, merecente de pasearse. Pero, con todo, tamén experimento algo distinto, a saber, coma se esa panorámica non fose suscitada por min. Coma se non me pertencese.

É un cadro que pendura na miña interioridade, pero coma se fose feito por outra persoa.

A primeira ollada é diagnosticadora. ¿Que hai no lenzo? Máis ben o que atrae a miña atención é o que nel non hai, o que falta. Ou sexa, o que se deixou de dicir. A visión analizadora non abrangue todo. Moitas cousas quedaron tácitas.

Claro está que non podía ser doutra maneira. Un breve texto non é un ensaio, e a forza de comprimi-las ideas, algunhas perden perfil, esvaecen, ou ben quedan difuminadas. Un artigo periodístico é, no mellor dos casos, un intento, un proxecto. Realmente do que se trata é de realza-

-la atención arredor de certos problemas —uns cotiáns, outros de alcance máis amplo.

E asemade, no fondo, crear claridade sobre cuestións que a un mesmo o preocupan. Todo esto foi levado a cabo ó longo de varios anos. Trescentas divagacións, na dose dunha por semana, dan moito de si.

Follear agora algúns dos libros que as recollen produce, pola súa parte, unha certa melancolía. Cando se cumpre unha empresa, en especial se é de tipo mental, á satisfacción da obriga que se venceu engádese a tristura do que puido ser, do que un imaxinou e do que de veras, a realidade, as prosas concretas perfilaron.

En todo escritor, se é de veras escritor, buliga unha informulada inquedanza que el experimenta e que el certifica no soidade da súa biblioteca. Velaquí o tempero de ánimo ó que ningún lector, por favorable que sexa, ten acceso.

Sen embargo, non todo son ocos. Algo hai de positiva substancia no esforzo de tódolos días. É unha mínima satisfacción que non por eso deixa de resultar plenariamente gozosa. Penso, por exemplo na linguaxe, no estilo utilizado, na elección dos vocábulos. E comprobo que non aparece ningún exabrupto, non palabras malsoantes, atrevidas ou, sinxelamente, bastardas. Con este cualificativo inclúo aquelas plumas que toman prestado o plebeísmo dos demais e bautízano con novos óleos. Así desembocamos no estilo que nace de dous países: o orixinario e o da imitación. Son entón locucións enxendradas, como diría Quevedo, "a escote". Fronte a esa caída no soez e encanallado, cómpre montar garda, permanecer alerta.

De todas formas, a mellor vixilancia estriba en non botar man deses vulgares trucos literarios. Lembro as conversas, xa por desgracia lonxanas, con Saul Bellow. Odiaba os xeitos torpes de comunicarse os uns cos outros. E falaba de certas linguaxes que, segundo el, fan cóxegas ("tickling") obscenas e perversas e aí rematan o seu oficio, o seu innobre oficio.

Deso, e das apocalipses, dos extremismos e da crise de valores fuxía sempre. E engadía: "Xa estou farto de monstros". Estes reparos constituían nel unha especie de obsesión. Tanta que concluíu levando a teima a algunha das súas magníficas novelas.

Así, pois, coido que eu non esvarei pola cómoda encosta da vileza escrituraria. Como así mesmo tampouco vexo nas miñas pequeneiras producciónS intencións oblicuas, frechas envelenadas. En definitiva, non atopo nada que resulte producto da envexa, vicio, por fortuna para min descoñecido.

E nese vieiro sosegado, meditador e sereno van seguir —procurarei que sigan— as nonatas suscitacións que agora encetan o seu destino.

Para quen teña o propósito de insistir na lectura, só un desexo: que a camiñata lle resulte leve e de boa compaña. De boa amizade.

Creo relembrar que xa noutra sazón subliñei a fermosa definición que fai Homero da amizade: "Dous que camiñan xuntos". Dous que comparten arelas comúns. Esto vén sendo decisivo, pois supón que eses designios son comunicables, é dicir, puros e sen toldaduras de ningunha clase.

¿Queres acompañarme, amigo lector?

EXPLICA-LO MUNDO E COMPRENDE-LO MUNDO

21 de abril de 1996

Chegan ás miñas mans, e por camiños imprevistos, dous traballos do grande investigador da Física das partículas e Premio Nobel en 1979, Steven Weinberg. Un nome ateigado de merecidos honores, de importante distincións e, por se fora pouco, popularísimo polo seu libro *Os tres primeiros minutos*, no que explica o suposto comezo do Universo mercé ó "Big Bang". Os traballos que lin ultimamente son, dunha parte, a conferencia pronunciada na American Academy of Arts and Sciences titulada "Pensamentos nocturnos dun físico cuántico". E doutra parte, o libro *Dreams of a final Theory*, que vén de publicarse, en nova edición, en Londres. Este volume acaba de ser pertinentemente comentado nunha revista española.

Weinberg é un escritor áxil, divertido e desenfadado, enxeñoso, clarísimo —a pesar das dificultades dos problemas que tenta expoñer— e, por ende, de lectura incitante. Os méritos, pois, dos textos —e a autoridade que lle outorgan as súas básicas pescudas e as conquistas innegables no eido das leis fundamentais da Natureza— fan insensato, e imper-

tinente, criticalos, e menos por un non-especializado coma min. Vaia todo esto por diante.

Con todo, o obxectivo, a meta que o noso sabio se propón alcanzar consiste nin máis nin menos que en dar coa teoría capaz de sumar tódolos achados da ciencia experimental e unificalos nunha "Teoría final". Admite, iso si, que nos atopamos lonxe dese ideal, pero que sobre todo a partir das conquistas da mecánica cuántica, xa dispoñemos de indicios, dun albiscar na difícil, inalcanzable e definitiva doutrina. Ata aquí, pois, todo vai ben.

Pero a partir da posta en situación das cuestións que sobrepasan o razoamento positivo, o noso autor esvara conceptualmente, esto é, di banalidades. Unha cousa que a don José Ortega y Gasset o irritaba considerablemente e que el chamaba algo así, se non recordo mal, como "la miopía de los laboratorios".

Explicita-la realidade inmediata (se é que é radicalmente explicitable) non equivale a facer xeneralizacións tinguidas de soberbia e de autosuficiencia intelectual. Pode que algún día cheguemos a entende-lo Universo e a manexalo pola vía científica mesmo nos seus máis mínimos recunchos. Pero eso, esa considerable fazaña, non permite acceder ás interioridades do que o sobrepasa, do que o transcende. Por exemplo o baleiro cuántico, concepto físico —di Ruíz de la Peña—, non é a nada ontolóxica, concepto metafísico.

O botar unha ollada á significación última —e non penúltima— do mundo chámase comprender. E eso ben o deixou claro, hai xa moitos anos, o xenio especulativo de Dilthey. Os excesos xeneralizadores da Ciencia, paradoxalmente, limitan, empequenecen e afogan a pura especulación. O matrimonio Joliot-Curie, que descubriu a radioactividade artificial e que así mesmo obtivo o Premio Nobel en 1935, deixou esto escrito: "La compréhension progrese de rature en rature".

Pero ese avance a forza de tachaduras é o propio da ciencia en sentido estricto. O demais é, no mellor dos casos, pirotecnia verbal e cegueira dos modos de operar a *ratio*. Que

pode levar a distorsións tan pouco serias como as do editorialista do *Sunday Times* cando fai seu e salienta o mérito do libro: "O honor de aceptar un mundo sen Deus", ("The honour of accepting a World withour God").

Comparemos todo esto coa actitude clarividente de Galileo. Xa sabemos, e cómpre subliñar unha vez máis, do seu pensamento precursor, realizador glorioso e arquimoderno. Repasémo-lo polémico *Il Saggiatore*, escrito "con bilancia esquisita e giusta", sempre de grata e actual lectura. E lembremos que para el a Natureza "está escrita en linguaxe matemática". Pero o que a penas se cita, é que o sobranceiro pescudador engadiu esto tan decisivo: que a Natureza é, asemade, "unha revelación". E deso falan algúns sabios desta hora para os que as leis físicas serían, en derradeiro termo, "revelación secularizada" ("säkularisierte Offenbarung").

O misterio seguirá sendo misterio. E a grandeza da criatura humana consiste en recoñecelo, pois ese sempiterno misterio é unha fonte inesgotable de suxestións e de posibilidades concretas das que despois, os investigadores, poden, e deben oufanarse.

E, con humildade, recoñecer.

JAMES JOYCE, DE COSTAS

28 de abril de 1996

Chégame un libro de Londres co título *Joyce Images*. En rigor, máis que un libro é un álbum de fotografías, moitas delas inéditas, do creador do Ulises. Vén procedido dunha introducción de Antony Burgess.

O áxil e suxestivo texto literario do autor de *A laranxa mecánica*, contén algún esencial achado, sobre todo no comezo.

En definitiva, trátase de ofrece-la panorámica da vida do escritor irlandés. Pero, insisto, o interesante son as fotografías, a iconografía do xenial Joyce. Repasa-las páxinas do volume é como adentrarse, mediante a visualización, nas intimidades e en certos segredos existenciais do irlandés.

Hai tamén debuxos sumamente reveladores: o que lle fixo a filla Lucía, a esquizofrénica, tan sintomático da grave doenza filial, o levado ó cabo por Augustus John, o de Brancusi, o de César Abin, o de David Levine, o de Wyndham Lewis, a gravura para a edición de 1987, do *Ulises* do meu amigo o pintor Robert Motherwell, e algún máis. Asemade, o busto realizado por Jo Davidson e, final-

mente, a estatua colocada na campa de Zurich, no lugar onde repousan os seus restos mortais. Unha das fotos que máis pode impresionar ó lector é a da visita de Ezra Pound ó cemiterio.

Parece coma se os dous escritores falasen entre si e se comunicasen estrañas, preparatorias vivencias: ós tres meses de feita esta foto, morría Pound. É, pois, como unha anticipación do diálogo entre dúas persoas excepcionais en transo de próxima veciñanza no alén.

Pero, con todo, o documento gráfico que a min máis efecto me fixo é un no que Joyce está de costas, na Platzspitz zuriquesa. É do ano 1938. A autora foi Carola Giedon-Welcker. Alí vémo-la silueta do escritor, as mans na cintura, embutido no longo, escuro gabán, e, na man dereita, o indispensable bastón, o caxato auxiliar da súa avanzada cegueira. Por baixo corre a auga quizais dunha canle, ou quizais a do río Limmat.

A actitude do novelista, de pernas abertas e ben asentados os pés no chan, o sombreiro botado cara a atrás, posúe un non sei qué de íntimo, de carácter privado, de presencia ausente (permítaseme esta aparente contradicción) que dá conta, quizais con acentuada precisión das específicas notas físicas do protagonista. Alí, naquel vulto humano, asoma a testana estructura da súa vida. O heroico esforzo por consegui-la reproducción en reflexo narrativo da vida cotiá e das posibilidades de superala a favor da arte escrituraria.

Alí, naquel xogo de brancos e negros, un atrévese a adiviñar, a presenti-los pensamentos e as vibracións sensibles que rolaban pola excepcional, pola creadora cabeza, abstraída no gozo pasivo da contemplación sen agobios de tempo. E sen a presencia dos demais.

As costas lisas do irlandés illan a súa exterioridade e , ó tempo, purran en nós para comunicar coa exenta figura. Ela, a figura, constitúe un documento humano de primeira categoría. En suma, *esta fotografía é unha confidencia.* Unha confidencia volta de costas ó espectador.

Na páxina veciña xa o creador, o innovador da literatura deste século, fainos cara. Ollamos para a súa elegancia desenfadada e un tanto desdeñosa. E velaquí que o neto de Joyce afirma e describe estes dous documentos gráficos como "the most characteristic photographs of my grandfather and my two favorites".

O álbum remata cunha caricatura da autoría do propio Joyce na versión que el ofrece do protagonista do *Ulises*, Leopold Bloom. E o que escribiu xunto ó debuxo: a liña inicial da *Odisea*, en grego. Aquela na que é invocada a musa para falar do "hábil home".

Unha vez máis, e como sempre, atopamos a James Joyce amparándose e buscando acollida no engado inefable das palabras. De tódalas palabras tal e como quedaron aferrolladas nas crípticas páxinas do *Finnegans Wake*.

No *Finnegans Wake* James Joyce tamén se nos ofrece de costas. ¿Para que? El deixou escrito que para volver tolos ós eruditos do futuro. E tamén, como non, para gasallar pracer ós posibles lectores. Velaí o derradeiro segredo da emocionante fotografía.

Da humanísima fotografía.

A BUSCA DA METÁFORA

5 de maio de 1996

É ben sabido que a función do intelecto non alcanza, nin moito menos, tódolos currunchos do pensar. Hai moitas ideas que se nos escapan, que foxen da exteriorización en palabras condignas cando precisamente máis as necesitamos. Velaquí unha estraña, unha desacougante vivencia: botamos man da linguaxe articulada porque sospeitamos, ou mellor aínda, porque nos anda a rentes do entendemento algo informulado. Algo que sentimos que vai ser importante. O importante é, sen embargo, ese sentimento, esa vaga aprensión da idea que escaravella no noso maxín, que rilla na substancia amorfa do caletre, pero que non remata de concretarse. Está por estudiar co rigor necesario esa especial receptividade sensible, polo menos co detalle e a fondura que todo o non-racional carrexa na súa entraña. Coido que tal estudio daría boa colleita para entender, esto é, para ser capaz de transmitir determinados segredos da alma humana. A nidieza das imaxes desemboca decote na comparación, e, por conseguinte, na metáfora. A comparación, pois, é a esencia mesma do tropo

metafórico. Por eso Ortega y Gasset falaba da metáfora como de "un suplemento a nuestro brazo intelectivo, y representa, en lógica, la caña de pescar o el fusil". Velaí a "transposición de nombre" no que a metáfora basicamente consiste.

A metáfora é, sen dúbida, unha artería. O que sucede é que esa trapela piscatoria e venatoria pode dar lugar, se excede o seu orixinario cometido, a extravagantes e disparatadas resultas. Resultas xustificadas, pero, en esencia, arbitrarias e tamén risibles. Por eso se non cedemos ó engado e á sorpresa das comparacións, en suma, á súa artificiosa brillantez, rematamos por atopala ridícula. Convén relembra-la advertencia de Bergson cando afirmaba que se nos concentramos na materialidade dunha metáfora "axiña a idea expresada se transforma en algo cómico" ("l'idée exprimée devient comique").

Teñamos en conta que hai metáforas excelentes (a de Ortega é desa clase). E mesmo as hai sublimes. En definitiva, a lírica auténtica non é outra cousa que un desfile deslumbrante de comparacións ás que témo-la obriga de reverenciar humanamente.

Un poema, se o é de verdade, consiste nunha ringleira de raras aproximacións, nunha visión de metáforas incribles. *Visión. En última instancia, theoría.* Pero cunha condición: que os poetas non sexan excesivamente entendidos nos problemas da linguaxe. Canto menos profesorais, mellor. Nada, pois, das elucubracións de Roman Jakobson. Nada das contraposicións e as correspondencias entre esas ideas e as de Saussure, entre o paradigmático e o sintagmático. Fóra, por tanto, o estructuralismo, e así mesmo os aproveitamentos de Barthes, (por outra parte, tan suxestivos e tan incitadores).

A metáfora ten de nacer dunha especie de necesidade interna, dunha atormentadora necesidade interna. Que resulta agobiante e inquietante porque o que buliga por detrás dela non está formulado, non ten forma coherente. Eu atreveríame a dicir que non ten materia. É pura enerxía.

A loita con esa presencia, que no fondo é ausencia, constitúe un dos dramas máis apaixonantes e máis sobrecolledores do proceso creacional. A anguria que decote acompaña ó nacer do poema, vai cóbado con cóbado da súa gloria. Unha gloria que consiste en vencer ó tempo, en dominalo.

A loita, o britar da criatura lírica leva indefectiblemente unha recompensa: a da permanencia. Xa o adiviñou Hölderlin nun verso famoso e arquirrepetido: "O que os poetas fundan, eso é o que permanece".

Por eso non hai comunidade, non pode habela, sen poetas. A conciencia comunal é serva e traballa no eido dos creadores. Máis alá (ou máis acá) pode haber retórica. Pero ren máis.

As imaxes poéticas teñen que saír coa espontaneidade que non exclúe, nin moito menos, o minucioso esforzo formal. En suma, a pescuda. O Dr. Johnson dicía do poeta Cowley que "as súas ideas (mellor vivencias) eran con frecuencia novas, pero rara vez naturais", ("Their thougst are often new, but seldom natural"). E non esquezamos que o Dr. Johnson escribiu no século XVIII, esto é, no tempo da meirande racionalización da paisaxe poética.

Hoxe, e alí onde a nosa capacidade contempladora falla, alí están os poetas para botarnos unha man.

UN RETRATO EN NEGATIVO DO HOME ACTUAL

12 de maio de 1996

Velaquí un texto premonitorio. Foi escrito e publicado hai máis de cen anos e conserva plena vixencia. É un libriño pequeneiro. Titúlase *Notas escritas desde o subterráneo.* O autor, Dostoiewski.

¿Que é o que confire actualidade a esta magnífica obra? Sinxelamente, que nas súas páxinas contense o retrato en oco da criatura humana do noso tempo. En realidade, trátase dunha anticipación, dunha prodixiosa anticipación. Cando apareceu, en 1865, e aínda abondo despois (lembrémo-lo ensaio de Chestov) foi interpretado como a xenial pintura do carácter ruso.

E é posible que os sucesos que naquelas páxinas se relatan teñan acomodo na peculiar psicoloxía dese pobo. Pero hoxe, xa transcorridos tantos anos desde a súa aparición, e en conforme imos coñecendo de preto os recunchos da alma europea, tamén caemos na conta de que nos atopamos en presencia dun retrato inmisericorde e profético do que no libro se denomina "os demais". E así mesmo da feroz autodisección do propio protagonista.

Unha provisional e esquemática lista das negacións humanas que expón o escritor daría, pouco máis ou menos, este resultado: o refugo da razón que só sabe "aquelo que logrou deprender". A desconfianza fronte ó próximo que leva ó protagonista a definir ó home como "un bípedo ingrato", potenciado este fallo pola súa "perpetua oblicuidade moral". A negación da liberdade intrínseca: "dúas e dúas son catro, ¿é que o libre albedrío consiste nesto?". "Esta certeza non é vida, señores, é un principio de morte".

De aí a rebelión cara á Natureza. "Dúas e dúas son catro paréceme unha grande insolencia pero se temos que conceder iso, a cada cousa o seu mérito, dúas e dúas son cinco tamén é unha cousa encantadora".

En derradeiro termo, o que desta lectura se desprende é a figura nihilista. Nada hai que pague a pena. Se nos desatan, "axiña nos atoparemos outra vez atados". "¿Por que? Pois sinxelamente, porque "aínda non sabémo-lo que significa vivir, que é a vida, nin por qué se chama así".

Penso que poucas veces se ten debuxado tan nidiamente o baleiro fundamental da existencia humana descrida. O extraordinario novelista chega a preguntarse se non será que ó home "lle guste o caos e a destrucción". E para explicar este regusto aniquilador e violento dá un motivo que psicoloxicamente é moi sutil e que desde logo, merecería ser analizado con todo detalle, a saber, "¿Non podería ser que ese gozo na desfeita provocada derive dun medo instintivo a alcanza-lo obxecto e a completa-lo edificio que está a construír?".

Pero sexa deso o que sexa, (e os retoques do retrato poden conceder realismo máis axustado), algo queda en pé. Ese algo é o desespero mesturado de rebeldía cando non se é capaz de chanta-la propia persoa no eido da transcendencia. Cando non rematamos de meter no caletre a inmensa cantidade de misterio, de esencial misterio, que se esconde nos currunchos do mundo de arredor, e nos labirintos pouco menos que inaccesibles da individualidade. O mundo é

problema, e o individuo é, así mesmo, problema. Pouco a pouco imos alcanzando algunha claridade, máis a definitiva, a que pode sustentarnos e manternos ergueitos, está no máis alá. A vida de tódolos días, a vida cotiá, é penúltima. *A dotación de sentido é unha realidade que nos abre o camiño á realidade última.*

Máis, con todo, para percatarnos destas verdades básicas, cómpre ser humildes, acepta-las dificultades e asumilas valentemente. "Case que todo o que é moi importante ten de quedar esencialmente inexplicado" afirmaba Popper, home nada sospeitoso de miopía intelectual. E engadiu esto tan definitivo: que o que fan as ciencias, "eso non é máis que raña-la superficie e que, en derradeira instancia, todo quede sen explicar".

Esa é a humildade dun esgrevio filósofo da ciencia ó que tantas e tantas profundizacións (algunhas sen dúbida excesivas) debemos.

Non esquezámo-lo criterio da "falsifiability", de tan difícil traducción. Pero Popper é un sabio auténtico. Por eso recoñece os seus límites. E por eso tamén o seu antiautoritarismo, e o seu refugo da violencia. Para el, dúas e dúas fan catro.

E con esta lei non se sente incómodo.

A CUADRÍCULA

19 de maio de 1996

No 1944, na derradeira Guerra Mundial, cae na fronte de batalla, en Italia, e preto de Carrara, o fillo primoxénito de Ernst Jünger. A versión oficial foi que morreu en acción de guerra. (Probablemente foi asasinado polos nazis.) Antes xa perfilara o pai, o famoso intelectual xermano, un ensaio que foi primeiro dado a coñecer baixo corda en copias manuscritas e despois a máquina. Máis tarde incluíuse nas Obras Completas, no volume 7, de onde eu o tomo.

É unha non extensa digresión sobre a posibilidade de construír unha paz duradeira de tipo universal e asentada en principios de validez permanente.

Un pode ou non pode estar de acordo coas propostas do autor, tan diferentes, por exemplo, das que nos deixou Kant no seu traballo arredor da "Paz perpetua".

Con todo, o sorprendente do texto jüngeriano é a reivindicación dos postulados crenzais, a firme aposta a favor do que eles posúen de eficaz e de esperanzador.

No texto afírmase que se o individuo forma parte dalgunha das "elites" que hoxe privan no mundo, xa sexa na

esfera da filosofía, da arte, ou das ciencias particulares, velaí que esas fortes personalidades atópanse co inexplicable, co non-entendible, e, por conseguinte, "naqueles lugares onde o coñecemento ten de ceder o paso á revelación".

E entón, case que a seguido, vén unha parrafada do ensaio que non me resisto a transcribir: "Nos símbolos da orixe divina, da creación, do pecado orixinal, nas figuras de Caín e Abel, na do diluvio, na de Sodoma, na da Torre de Babel, nos Salmos, nos Profetas, na verdade do Novo Testamento, moi superiores ás envilecidas leis do mundo do terror, en todas esas cousas, debuxóusenos anticipadamente a pauta, *a eterna cuadrícula que subxace á historia humana e á xeografía humana".* [O subliñado é meu.] *"Por eso, sobre este Libro, pode así mesmo fraguarse toda alianza".* [Tamén o subliñado é meu.] ("Daher lässt sich auf diesem Buche auch jeder Bund Beschwören.")

Ata aquí o emocionante texto. A partir de aquí vén a consecuencia: soltar o clarinazo de atención necesario para apresta-los nosos oídos ó informe susurro do misterio.

En definitiva: espertar. Un pai endurecido en tódolos horrores da loita bélica. Un pai que andou a rentes do sectarismo máis desprezable, velaquí que, desde a altura da súa obra, volve os ollos á experiencia sinxela, á experiencia esencial da dor da paternidade truncada —o outro fillo de Jünger suicidouse— e entón acepta, máis alá de tódolos saberes que ennobrecen o espírito, certas imaxes, determinadas palabras a través das que deita, das que rezuma a cultura auténtica: o dominio da persoa cando esta dedica os seus esforzos formativos a aceptar e a facer carne da súa carne, e entraña mesma da alma, o dictado do amor, da entrega incondicionada ós demais.

Esta xenerosidade, de fondo cristián, é moi sorprendente porque non obedece a móbiles estraños e, asemade, porque vén dun espírito alonxado de toda práctica relixiosa.

Jünger, despois do ano 41, seguiu escribindo en abundancia, e algúns dos seus traballos son de primordial signi-